



MINISTERIO
DEL INTERIOR



CAMBIO DO PERMISO DE CONDUCCIÓN DE PAÍSES DA UNIÓN EUROPEA, ISLANDIA, LIECHTENSTEIN e NORUEGUESA

REQUISITOS

- Ter a residencia en España.
- Ter a idade establecida na normativa española.

**ESTE TRÁMITE É VOLUNTARIO E PODE SOLICITARSE EN CALQUERA XEFATURA
PROVINCIAL DE TRÁFICO**

DOCUMENTACIÓN

1. Solicitud: no impreso oficial dispoñible nas xefaturas de Tráfico e na páxina web da DXT(www.dgt.es), no que se inclúe a declaración de non se estar privado por resolución xudicial do dereito a conducir e de non posuír outro permiso da UE ou do EEE de igual clase ca o solicitado ou de que este fose restrinxido, suspendido ou anulado.

2. Taxa II.3: 28,30 €

Formas de pagamento: por internet en www.dgt.es, con tarxeta de crédito ou débito nas xefaturas de Tráfico ou con cargo na conta bancaria (modelo 791 dispoñible nas xefaturas e en www.dgt.es).

3. Acreditación da identidade e residencia:

- Documento nacional de identidade ou NIE ou pasaporte en vigor e calquera outro documento que lle solicite a xefatura onde se tramite a solicitude de cambio.

4. Permiso de conducción comunitario: orixinal en vigor e fotocopia.

5. Fotografía: unha orixinal de 32 x 26 mm en cor e con fondo liso, tomada de fronte coa cabeza descuberta e sen lentes de cristais escuros nin calquera outra peza de roupa que poida impedir ou dificultar a identificación da persoa.

Cando se trate de solicitantes que pola súa relixión leven o cabelo cuberto, admitiranse as fotografías con veo. A única limitación para a súa admisión é que o óvalo do rostro apareza totalmente descuberto dende o nacemento do pelo ata o queixo, de forma que non impida ou dificulte a identificación da persoa.

6. Talón foto: cuberto e asinado dentro do recadro correspondente.

SUPOSTOS ESPECIAIS

Representación: cando a documentación non sexa presentada pola persoa titular do permiso, a persoa que o representa deberá achegar o seu documento de identificación oficial e unha autorización da persoa interesada para realizar o trámite, onde exprese o seu carácter gratuíto.

A presentación da documentación acreditativa do domicilio de empadramento e do IAE poderá ser substituída por unha autorización expresa para que a Dirección Xeral de Tráfico leve a cabo a verificación telemática da dita información. Para isto ten que marcar o recadro correspondente no formulario de solicitude do trámite, ou ben cubrir o formulario de consentimento expreso dispoñible na sede electrónica ou nas xefaturas de Tráfico. No caso de que non se obteña información válida, a posible emenda deberase realizar mediante a presentación da documentación.

(Actualización: 22/06/2018)